

# VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN BARBANTIA

## O Son acolle o I Encontro de Creadores do Barbanza

A Casa de Cultura de Porto do Son é o escenario sinalado para celebrar o venres 29 e o sábado 30 de abril o **I Encontro de Creadores de Barbanza** xunto á presentación do suplemento cultural *A Voz de Barbantia* correspondente ao mes de abril. Ás 19.30 h. procederáse a inaugurar o evento coa participación do Alcalde sonense, o presidente de Barbantia, o escritor Riveiro Coello, o delegado de zona da Voz de Galicia, Moncho Ares, e outros representantes institucionais.

- 07:25 29/04/2005

Tras o acto de apertura oficial, o historiador Francisco Calo Lorigo presentará un relatorio titulado *Galiza: o mar e a arte*, para dar paso a un concerto musical e poético a cargo do grupo *JAZZIC*. Para rematar a xornada do 29 de abril procederáse á apertura da exposición *Poetas do Barbanza*.

A xornada do sábado 30 de abril comezará ás 11 h. coa profesora Aurora Marco que disertará encol das *Mulleres do Barbanza. Outro exilio histórico*. Tras unha pausa a profesora Blanca Roig-Rechou abordará no último dos relatorios do encontro o tema *Literatura, infancia e mocidade na Serra da Barbanza*. Tras esta palestra procederáse a clausurar o acto.

No suplemento cultural *A Voz de Barbantia* deste mes de abril salientará a presenza dunha semblanza de Xerardo Díaz Fernández, as lembranzas da Cova do Fonfórron de Calo Lourido, a quen Pastor Rodríguez realiza unha entrevista. Contén tamén unha pequena recensión do libro *Ese Unicornio Rosa*, de Carlos Mosteiro, presentado a primeiros de mes na Pobra noutro dos actos de Barbantia. Contén tamén un artigo sobre a historia do comercio marítimo entre Vigo e Porto do Son no século XX, de Manuel Mariño del Río, entre outras propostas literarias.